



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Introducción ás políticas públicas: deseño, implementación e avaliación

CONVOCATORIA: AUTONOMICO, 1ª convocatoria

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 19/02/2026 - 09:00h ao 25/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O desenvolvemento dun país depende da calidade no deseño das súas políticas públicas e da avaliación do seu impacto sobre o benestar social e económico da súa poboación.

Numerosos estudos demostran que aqueles países que lograron implementar políticas axeitadas, estables e previsibles lograron maiores taxas de crecemento, maior acumulación de riqueza e mellores niveis de distribución do ingreso.

Son as distintas administracións públicas nos seus respectivos ámbitos competenciais as encargadas de materializar o gasto público en políticas públicas.

Estas deben de ser formuladas en aplicación dos principios dunha xestión eficiente, por iso é necesario que os empregados públicos implicados na súa elaboración conten co coñecemento técnico necesario.

O obxectivo fundamental do curso é capacitar os profesionais de distintas áreas no estudo das políticas públicas, os axentes e institucións involucrados no seu deseño e as ferramentas cuantitativas necesarias para a súa avaliación.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional, que desempeñen funcións relacionadas coas políticas públicas.

PROGRAMA

Módulo I. Iniciación ás políticas públicas

- Concepto y Evolución
- A política pública na nova gobernanza
- Ámbito competencial das Políticas Públicas da Xunta de Galicia

Módulo II. Deseño das políticas públicas

- Análise do problema
- Análise das solucións
- Análise de factibilidade
- Plan de acción
- Presentación dunha Política/Plan estratéxico da Xunta de Galicia

Módulo III. Implementación das políticas públicas

- Normativa
- Orzamentación
- Horizonte temporal
- Reformulación

Módulo IV. Avaliación das políticas públicas

- Obxecto
- Principios

- Tipos
- Avaliación dunha política/Plan estratéxico da Xunta de Galicia

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

Recoméndase que se se desempeñen funcións relacionadas coas políticas públicas.

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 26/05/2026 a 20/06/2026

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME: 25/06/2026 ás 17:00h

DOCENTES NOMEADOS

LUZ MARIA VILLA ALVAREZ

LUGAR DE REALIZACIÓN

Proba final en liña.